

XII Premio

de Relato Curto

Bases da convocatoria

1. O Premio está aberto ao público en xeral, agás os integrantes da Xunta Directiva actual.
2. O tema será de libre elección, rigorosamente inédito e redactado en Lingua Galega.
3. O relato terá un máximo de sete folios. Presentarase por triplicado, mecanografado a dobre espazo en DIN-A4 e por unha cara, en Times New Roman tamaño 12. Os orixinais que participen no concurso non serán devoltos.
4. Os traballos enviaranse por correo certificado á sede da Asociación de Antigos Alumnos: Casa da Concha, Rúa da Conga, n.º 1, 15704 Santiago de Compostela (A Coruña).
5. Os relatos presentaranse necesariamente baixo un pseudónimo, acompañando a tal fin un sobre pechado, en cuxo exterior figure o pseudónimo e no seu interior unha folla co nome e apelidos, enderezo postal, número de teléfono e dirección de correo electrónico do autor.
6. O prazo de admisión dos traballos estará aberto entre o 15 de setembro e o 15 de novembro de 2017.
7. A Asociación reservarase a facultade de editar as narracións, que quedarán en poder da Asociación, como estime oportuno e sen retribuír os seus autores.
8. O xurado estará composto por persoas entendidas na materia. Este poderá declarar deserto o premio e a súa decisión será inapelable a todos os efectos.
9. O premio terá unha dotación de 500 euros, patrocinada polo Instituto Policlínico La Rosaleda. Entregarase un diploma acreditativo.
10. O feito de presentarse a este concurso supón a aceptación das bases expostas.

Convoca

Asociación de Antigos Alumnos e Amigos
da Universidade de Santiago de Compostela
(Alumni USC)



Patrocina



larosaleda
CENTROS SANITARIOS